



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Aprobación definitiva da modificación núm. 11 da RPT do Concello de Carballo

ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación núm. 11 da RPT do Concello de Carballo. Expediente 2024/E004/000001.

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 30 de setembro de 2024 aprobou inicialmente a modificación núm. 11 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Carballo. O devandito acordo inseriuse no BOP núm. 194 do 08/10/2024, co que se abriu o trámite de información pública e alegacións ao mesmo, para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións nun prazo de 20 días hábiles, desde o 09/10/2024 ata o 06/11/2024

O do Pleno do 25 de novembro de 2024 resolveu as alegacións presentadas e aprobou con carácter definitivo a modificación núm. 11 da RPT, cuxo texto íntegro se publicou no BOP núm. 194 do 08/10/2024.

Polo tanto, procédese á publicación da publicación definitiva da modificación número 11 da Relación de Postos de Traballo, que consiste en:

Adoptar, como único criterio posible para cumprir a obriga legal de valoración do complemento específico establecida no TREBEP, da valoración establecida pola Xunta de Galicia para o complemento específico dos profesores de música e artes escénicas nos conservatorios de música competencia de dita Administración, da que resultan os seguintes importes económicos:

- **Complemento específico** a 01 de xaneiro de 2024: 10.230,78Euros en 14 mensualidades.
- **Compoñente singular do CE do persoal docente :**

Complemento por órganos de goberno:

Director/a: 7.639,24 Euros/ano, por adicación de ata 12 horas semanais.

Vicedirector/a: 3.073,56 Euros/ano, por adicación de ata 12 horas semanais.

Xefe/a de estudos: 3.073,56 Euros/ano, por adicación de ata 12 horas semanais.

Secretario/a: 3.073,56 Euros/ano, por adicación de ata 12 horas semanais.

Compoñente por titoría e outras funcións docentes: 788,06 Euros /ano.

Compoñente por desempeño de xefatura de departamento: 1089,62Euros /ano

Compoñente por dirección Banda Municipal de Música: 2179,24Euros/ano

A fixación das referidas retribucións complementarias adóptase sen prexuízo do respecto aos dereitos retributivos preexistentes.

En Carballo, 3 de decembro de 2024

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/8762